

O Concello da Coruña ABRE DO 1 AO 18 DE FEBREIRO O PRAZO PARA A INSCRIPCIÓN na segunda convocatoria do programa BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA VI para a adxudicación de 14 bolsas para que titulados/as de ciclos medios de FP podan facer prácticas formativas de tres meses de duración en empresas de Irlanda, Italia, Portugal, Austria e Francia.

O proxecto será desenvolto pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados, a través do Servizo Municipal de Educación, en convenio co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) e os centros docentes asociados.

O programa está dirixido a persoas tituladas en ciclos medios de FP que acadaron a súa titulación en decembro de 2017 e que realizasen os seus estudos en algún dos centros docentes públicos que participan como socios no programa: CIFP Anxel Casal, CIFP Paseo das Pontes, CIF Someso, IES A Sardiñeira, IES Calvo Sotelo, IES Fernando Wirtz, IES Ramón Menéndez Pidal, IES Urbano Lugrís, CPR Cruz Vermella, CPR Grande Obra de Atocha e CPR Liceo La Paz.

A inscrición será do 1 ao 18 de febreiro na web educativa do Concello (www.edu.coruna.es) a través dunha ficha específica do programa e presentando a documentación existida en calqueira dos rexistros municipais, ubicados no pazo municipal de María Pita, Fórum Metropolitano, Mesoiro ou Ágora.

- Xustificante da solicitude debidamente cumprimentada e asinada.
- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte
- Fotografía recente tamaño carné (con nome no reverso).
- Declaración responsable de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello da Coruña.
- Se é o caso, calqueira título oficial de idiomas.
- Se é o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego
- CV Europeo (en inglés)
- Carta de motivación (en inglés)
- Application form (en inglés)

Na propia web existen modelos dos documentos, para facilitar a súa cumplimentación.

O proceso de selección das persoas participantes está previsto que se desenvolva durante os meses de febreiro e marzo para que as seleccionadas podan facer as súas prácticas formativas durante os meses de maio a agosto de 2018. Para facer a selección, a Comisión de Valoración terá en conta as cualificacións obtidas nos seus estudos de FP, a súa competencia lingüística de idiomas extranxeiros, a valoración que faga o centro e o resultado dunha entrevista persoal pola Comisión, na que estarán representados o Concello e os centros docentes socios do programa.

As 14 bolsas distribúense da seguinte maneira:

- ☒ Florencia (Italia): 3 bolsas
- ☒ Lisboa (Portugal): 3 bolsas
- ☒ Cork (Irlanda): 4 bolsas
- ☒ Viena (Austria): 2 bolsas
- ☒ Burdeos (Francia): 2 bolsas

As bolsas inclúen todos os gastos: as viaxes de ida e volta, o aloxamento, un seguro de atención sanitaria e responsabilidade civil; e ademais as persoas participantes recibirán unha cantidade económica para a súa manutención e estadia. A súa cuantía estimada oscilará entre 800 e 1.100 euros, en función do país de destino.

O Concello tamén se encargará da xestión do programa, coa organización das viaxes, a búsqueda de aloxamentos e das empresas de prácticas, así coma da tramitación da documentación ante o SEPIE para o recoñecemento oficial das prácticas.

ACLARACIÓNS DE DÚBIDAS NO:

Servizo Municipal de Educación

Casa Paredes. Avda. da Mariña, 18 – 2ª pranta. 15001 A Coruña

Correo-e: educación@coruna.es

Teléfono: 981 184 200, extensión 12114